

Federación Galega de Espeleoloxía

Cavidades que se poderán recoñecer

A Taradtreiga - Aradelas - Arcoia - Buraca das Choias - Ceza - Chandolindeiro - Eixe - Longo de Meu - Purruñal - Taro da Lastra - Teixeira - Traslacosta - Valdeabraira.

Non esquezas: Realizar o “deporte-ciencia” en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica, e axudar a protexer o Medio Subterráneo.

Localización, accesos e información

GPS : QUIROGA (Lugo) 42.476045 – 7.272611
Carretera N-120
Estación RENFE: San Clodio-Quiroga.

Casa da Cultura Municipal na Rúa Real:
Recepción, inauguración, exposicións e proxeccións.

Albergue Municipal de Turismo (Rúa Real): Tf: 982 428 166 / 690 782 774
Aloxamento e base de actividades espeleolóxicas.

Aclaracións por correo electrónico ou no teléfono 981 213 115
Grupo Exploracións Subterráneas ARTABROS (G.E.S.A.)
Santa Teresa, 14 Bajo A Coruña
Correo electrónico: artabros@artabros.org
Páxina web: <http://www.artabros.org>



Concello de Quiroga



QUIROGA (Lugo), 31 outubro e 1-2 novembro 2015



XL ANIVERSARIO
1975-2015

G. E. S.



Federación
Galega de
Espeleoloxía



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

Campamento Galego Veteranos

Regulamento

Para poder participar como espeleólogo veterano é imprescindible ser maior de 40 anos e ter estado federado polo menos, durante seis anos, así como estar en posesión da licenza do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por ésta.

Os veteranos que teñan previsto facer espeleoloxía virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical, tanto individual como colectivo.

Os acompañantes só participarán nas actividades culturais programadas e non necesitan estar federados.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes e só tramitará os permisos dos inscritos en prazo, para poder acceder ás cavidades nas zonas protexidas da Rede Natura. Calquera situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Propósito

Unha vez máis, a bisbarra de Quiroga volve a ser lugar de encontro dos espeleólogos galegos, reunidos nesta ocasión para celebrar o **I Campamento de Veteranos**, grazas á favorable acollida e apoio do Concello.

As cavidades subterráneas da Serra do Courel (Lugo) e o seu ámbito serán o escenario idóneo para proseguir as exploracións, así como ver e recordar tamén os métodos e o material utilizado noutras épocas a través de charlas, exposicións fotográficas e proxeccións audiovisuais.

Tamén se levará a cabo a **V Gala dá Espeloloxía Galega**, coa entrega de galardóns aos Clubes e Deportistas nomeados pola FGE que cumpriron 25 anos federados.

Coincidindo co seu **XL Aniversario**, o Grupo Exploracións Subterráneas Ártabros, da Coruña, organiza esta actividade oficial extraordinaria -en nome da Federación Galega de Espeleoloxía, a cal subvenciona parte desta actividade-, á que vos invitamos. Esperámosvos,

GES ÁRTABROS
1975-2015

Programa de actividade

Sábado, 31 de outubro:

10 h. -12 h. Recepción de participantes.

12,30 h. Inauguración oficial e visita ás Exposicións fotográficas, co pase do audiovisual: 'A nosa espeleo- Recopilatorio de + 60 anos actividades...'

14 h. -15 h. Xantar (por conta propia).

15 h. - 20 h. Saídas programadas por equipos ás cavidades da zona.

Como alternativa cultural poderanse visitar

O Museo de Xeoloxía de Quiroga e o Miradoiro Xeolóxico de Campodola.

22 h. Cea de Confraternidade (por conta da organización, todos os asistentes).

23 h. *V Gala da Espeleoloxía Galega*, coa entrega de galardóns aos Clubes e Deportistas nomeados pola FGE, que cumpriron 25 anos federados.

Domingo, 1 de novembro:

9 h. Almorzo (por conta da organización, só para federados).

10 h. - 21 h. Saídas programadas por equipos para prácticas espeleolóxicas.

22 h. Cea (por conta propia).

23 h. Pase de audiovisuais e fotos antigas.

Luns, 2 de novembro:

9 h. Almorzo (por conta da organización, só para federados).

10 h. - 14 h. Saídas programadas por equipos para prácticas espeleolóxicas.

Como alternativa poderanse facer rutas de senderismo.

14 h. Xantar (por conta propia).

17 h. Clausura oficial do *I Campamento de Veteranos*.

Cotas: Federados: 30 €, que inclúe 2 noites de pernocta no albergue, 2 almorzos e a cea de confraternidade do sábado.

Acompañantes: 20 €, que inclúe só a cea do sábado e a asistencia aos actos culturais, sendo ao seu cargo o aloxamento e a manutención.

Inscripcións: Antes do **15 de outubro** no correo artabros@artabros.org indicando: nome+apelidos+DNI+club e **ingresando** antes desa data o importe da cota elixida na c/c ABANCA ES25 2080 5565 0030 4000 2362 para ter a súa praza.